

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/14/2022	GOB16I07H
313L5V3C2B0A042P0119	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA TRECE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTEDOUS

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u> D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a JOSE OREONA BRA D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>NON ASISTE:</u> D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/D^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SRA. SECRETARIA SUBSTITUTA:</u> D/D^a MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do trece de abril de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretaria MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA, A SECRETARIA SUBSTITUTA.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	--

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS 2022.

- Vista a proposta formulada que di así: O Inspector Xefe do SPEIS, en data 07 de abril de 2022, en relación ao expediente: “Subvención para a contratación de persoal para a limpeza de praias marítimas 2022”, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta que di:

<i>“TIPO DE DOCUMENTO</i>	<i>Informe-Proposta de Resolución</i>
<i>EXPEDIENTE</i>	<i>Subvención para a contratación de persoal para a limpeza de praias marítimas 2022</i>
<i>DESTINATARIO</i>	<i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>
<i>ASUNTO</i>	<i>Solicitud de subvención</i>

No BOP nº. 50, do 15 de marzo, publicáronse as bases específicas do Programa de subvencións para a limpeza de praias marítimas, dirixido aos concellos da provincia da Coruña, durante o exercicio 2022, complementadas coa publicación no BOP nº. 56, do 23 de marzo, do extracto da convocatoria dese mesmo programa.

Como cada ano, a efectos de acollerse a dita convocatoria, o Departamento de RRHH emitiu un informe de custos do persoal encargado de prestar o servizo, estimado por este Inspector Xefe en dúas cuadrillas de traballadores formadas, cada unha delas, por un capataz e catro peóns, todos eles ao 63,33% da xornada e por un total de tres meses. Ditos custos ascenden aos 45.417,46 €.

Resultan de aplicación, para solicitar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Resolucións da Alcaldía, do 1 de decembro de 2017, sobre designación de Tenientes de Alcalde, membros da Xunta de Goberno Local e delegacións feitas pola alcaldía na Xunta de Goberno Local (BOP nº 234 do 12 de decembro de 2017). Nesta resolución, a Alcaldía-Presidencia delgada na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.

-Bases de execución dos Orzamentos do ano 2022. Concretamente a base 52, apartado 1, sinala que as solicitudes de subvencións [...] que se sometan á aprobación da xunta de Goberno Local deberán ir acompañadas dun plan de financiamento con indicación das cantidades correspondentes, no seu caso, á achega do Concello e das aplicacións orzamentarias de procedencia. A tal efecto, este funcionario elaborou o plan de financiamento adxunto.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: : Aprobar o seguinte plan de financiamento para a Contratación de persoal para a limpeza de praias marítimas 2022, de acordo co establecido no informe adxunto e que aquí se amosa resumido:

Proxecto	Contratación de persoal para a limpeza de praias marítimas 2022	
Importe total		45.417,46 €
Importe solicitado		33.840,00 €
Achega municipal		11.577,46 €
Aplicación orzamentaria	1720 13100 (Servizos xerais – Retribucións Outro Persoal)	8.793,34 €
	1720 16000 (Servizos xerais – Seguridade Social)	2.784,12 €

A concesión e aceptación, no seu caso, da subvención, determinará a achega municipal definitiva e a necesidade de iniciar un expediente de modificación de créditos por xeración e transferencia.

SEGUNDO: Solicitar da Excma. Deputación da Coruña a subvención de 33.840,00 € para a “Contratación de persoal para a limpeza de praias marítimas 2022”.

A través desta solicitude, o Concello de Narón acepta as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas bases específicas e na convocatoria para o devandito proxecto.

CUARTO: Designar á esta Alcaldesa-Presidenta, Dna. Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para as relación co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo”.

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO161049** do expediente CIV/9/2022, esta Alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.



VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA ASIGNACIÓN DE TRANSFERENCIAS FINALISTAS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, INCLUIDAS NO PLAN ANUAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS (PASSCM 2021).- Vista a proposta formulada que di así: Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“ASUNTO: Aceptación da asignación de transferencias finalistas da Consellería de Política Social, incluídas no Plan Anual dos Servizos Sociais Comunitarios (PASSCM 2021).

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, M^o Yolanda Martínez García, con respecto ao expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

Mediante Resolución de Alcaldía de data 29/04/2021, e posterior dación de conta en Xunta de Goberno Local de 06/05/2021, apróbase solicitar á Xunta de Galicia o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios para o ano 2021, (PASSCM), por un importe de 2.878.150,95 €, co seguinte detalle según:

Concepto	Importe total	Achega municipal	Subvención solicitada
Persoal	1.219.692,50	834.444,50	385.248,00
Mantemento	5.000,00	2.500,00	2.500,00
Axuda no fogar libre concorrencia	33.120,00	29.705,57	3.414,43
Axuda no fogar Dependencia	2.903.792,26	1.265.991,15	1.637.801,11
Programas	1.854.789,77	1.005.602,36	849.187,41
TOTAL	6.016.394,53	3.138.243,58	2.878.150,95

En data 31/05/2021 ten entrada no Rexistro Xeral do concello de Narón a Resolución da Consellería de Política Social de anticipo de asignación de transferencias finalistas correntes do Plan Anual dos Servizos Sociais Comunitarios (PASSCM 2021) ao concello de Narón, por importe de 77.374,50€, polo concepto de Persoal

En data 25/01/2022 ten entrada no Rexistro Xeral do concello de Narón a Resolución da Consellería de Política Social de Asignación de transferencias finalistas correntes do Plan Anual dos Servizos Sociais Comunitarios (PASSCM 2021) ao concello de Narón, por importe de 256.398,90 €, polos conceptos de mantemento das escolas infantís da Solaina, Gándara, e Piñeiros, compensación económica gratuidade 2º fillo, saf prestación básica e Persoal

Respecto ao Programa de Axuda no Fogar Dependencia a liquidación de transferencias son as seguintes:

- 1º Trimestre, transferencia no mes de abril, por importe de 307.927,25€.
- 2º Trimestre, transferencia no mes de xullo, por importe de 321.882,97€.
- 3º Trimestre, transferencia no mes de outubro por importe de 309.279,20€.

O 20 de decembro de 2021, a Consellería de Política Social, dicta unha Resolución de Regularización de incidencias nas horas do exercicio anterior do programa de dependencia, por importe de negativo ao concello de 2.011,04, o cal se regulariza no 4º Trimestre, sendo o total devengado en SAF dependencia no mes de decembro 351.967,66€.

A Consellería de Política Social publica no DOG 242 de 20/12/2021, a orde do 14 de decembro de 2021, pola que se modifica o módulo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar a persoas en Situación de Dependencia. Na disposición adicional transitoria única respecto a aplicación do módulo de financiamento na anualidade 2021, fai referencia a actualización do módulo ata o máximo de 11€/H, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021, de xeito que, revisaranse as liquidacións trimestrais realizadas a entrada en vigor de esta orde correspondentes ao ano 2021 e realizaranse as transferencias das cantidades complementarias que correspondan en función das horas de atención que fosen efectivamente prestadas no SIGAD. O importe da regularización da actualización no ano 2021 é de 120.657,35€.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

-Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

-Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

-Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

-Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local

-Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

-Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

-Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios.

-Orde de 20 de decembro de 2021, polo que se modifica o módulo de financiamento de SAF Dependencia

Por todo o exposto, A Xefa do Servizo Sociocomunitario, M^a Yolanda Martínez García, informa a concelleira Delegada en materia de Acción Social, para que propoña a Xunta de Goberno Local, a adopción da seguinte proposta.

Aceptar as transferencias finalistas concedidas Pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, para o financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais durante o ano 2021 (PASSCM), por un importe total de 1.745.487,83€, co seguinte desglose respecto do importe inicial do proxecto:

Conceito	Importe total	Achega municipal	Transferencia finalista
Persoal	1.219.692,50	1.048.128,50	171.564,00€
Mantemento	5.000,00	5.000,00	0,00€
Axuda no fogar libre concorrencia	33.120,00	32.489,16	630,84€
Axuda no fogar Dependencia	2.903.792,26	1.492.077,83	1.411.714,43€
Programas	1.854.789,77	1.693.211,21	161.578,56€
TOTAL	6.016.394,53	4.270.906,70	1.745.487,83€

E unha vez fiscalizado coa toma de razón o informe transcrito pola Intervención municipal con data 07/04/2022 (ICO16I04B), quen subscribe, Concelleira de Acción Social (delegada por Resolución da Alcaldía de data 25/06/2019), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO 2022.- Vista a proposta formulada que di así: Visto o informe-proposta do servizo de organización e RRHH (PER16L12S) relativo á oferta de emprego público 2022, fiscalizado de conformidade pola intervención municipal (INT16LQ1) que textualmente di:

“De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización. Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. A tal respecto se formula o seguinte informe-proposta

ANTECEDENTES:

Con data 07-02-2022 o Concello Pleno aprobou o orzamento municipal para 2022 (BOP da Coruña de data 10-02-2022)

Con data 24-02-2022 o Concello Pleno aprobou a relación de postos de traballo para o ano 2022 (BOP da Coruña de data 03-03-2022)



No mesmo acordo, o Concello Pleno aprobou un programa de promoción interna que inclúe 3 prazas de administrativo e un 1 oficial de bombeiros para 2022

Con data 16 de febreiro de 2022 D. Oscar Pouto Reboredo, funcionario de carreira, cesou do servizo neste Concello para pasar a excedencia sin reserva de posto.

NORMATIVA DE APLICACIÓN :

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local*
- *RDL 781/1986 de 18 de abril que aproba o texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local.*
- *Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia*
- *RDL 5/2015 de 30 de outubro, que aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empleado Público*
- *Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.*
- *A Lei 22/2021 de 28 de decembro que aproba os presupostos xerais do Estado para 2022.*
- *Real Decreto 1449/2018, de 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación a favor dos policías locais ao servizo das entidades que integran a Administración local*
- *Acordo regulador/convenio colectivo de funcionarios/persoal laboral do Concello de Narón (BOP da Coruña 30.07.2009 e 31.05.2010 respectivamente)*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*
- *Lei 20/2021 de 28 de decembro de medidas urxentes para á redución da temporalidade no emprego público*

INFORME

Custións previas.-

O artigo 70 do TRLEBEP establece que “as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de emprego público, ou a través doutro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obrigaçión de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ata un dez por cen adicional.”

Na mesma liña, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 91, determina que as Corporacións locais formularán públicamente a súa oferta de emprego, axustándose aos criterios fixados na normativa básica estatal, completando o momento procesal o artigo 128 do RDL 781/1986 “ano correspondente aprobarase e publicará, anualmente, dentro do prazo dun mes desde a aprobación do orzamento da Entidade correspondente”

Coa aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento municipal para 2022, e a Relación de Postos de traballo para o mesmo ano, se inicia a obriga da aprobación da Oferta Pública de Emprego para 2022

A Lei de Emprego Público de Galicia, establece no seu artigo 48 os criterios xerais en que debe enmarcarse a oferta de emprego público, sen prexuízo das especificidades que se poidan establecer nas convocatorias respectivas. Esta oferta concíbese como un instrumento de programación das necesidades

de persoal e de racionalización do emprego público e dos procesos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas, nos que deben primar os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

A Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022,(lei 22/2021), sinala que no presente exercicio unicamente se procederá á incorporación de novo persoal con suxeición ás limitacións e requisitos establecidos nesa norma.

Na mesma norma fíxanse diferentes taxas de reposición. Dentro do 120 % da taxa de reposición figuran os sectores prioritarios, onde a lei inclúe, entre outros, o control e loita contra a fraude fiscal, laboral, subvencións públicas e control da asignación eficiente dos recursos públicos, asesoramento xurídico e a xestión dos recursos públicos, así como tamén as prazas correspondentes ao persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios e de salvamento, as prazas do persoal que presta asistencia directa aos usuarios dos servizos sociais e do persoal que realiza a xestión de prestacións e políticas activas en materia de emprego, prazas de seguridade e emerxencia, prazas de persoal que realiza unha prestación directa aos usuarios do servizo de transporte público, persoal de atención aos cidadáns nos servizos públicos e persoal que preste servizos na área das tecnoloxías da información e da comunicación.

Noutros sectores a taxa de reposición fíxase ata un máximo do 110 %.

Como en disposicións anteriores, a taxa de reposición dun ou varios sectores ou colectivos prioritarios poderase acumular noutros sectores ou colectivos prioritarios. Igualmente, a taxa de reposición dos sectores non prioritarios poderá acumularse nos sectores prioritarios.

Calculo da taxa de reposición .-*Para o cálculo da taxa de reposición acudíuse ao disposto na devandita lei no seu artigo 20.un.7 pola diferenza entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos e o número de empregados fixos que se incorporaron no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non conleven a reserva de postos de traballo. Para estes efectos, computaranse os cesamentos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo, ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa. Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas*

Non computarán a efectos do cálculo da taxa de reposición, no que compete as Entidades Local:

- a) o personal que se incorpore en execución de ofertas de emprego público de exercicios anteriores.*
- b) As prazas que se convoquen por promoción interna.*
- c) As prazas correspondentes ao personal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial.*
- f) as prazas necesarias para a posta en marcha e funcionamento de novos servizos cuio establecemento veña imposto en virtude dunha norma estatal, autonómica o local.*
- g) Nos servizos públicos que pasen a ser prestados mediante xestión directa, o número de prazas que as empresas externas destinaban á prestación dese servizo concreto.*

O apartado 8 do mesmo artigo 20.1 se establece . que a taxa resultante das regras do número anterior poderán incrementarse coa derivada das altas e baixas rexistradas durante o exercicio en curso, hasta a data de aprobación da oferta, o que deberá facerse constar na propia oferta. Para ello a oferta deberá aprobarse dentro do primeiro semestre do exercicio. Dichas prazas se restarán da taxa de reposición do exercicio seguinte.

Tamén se deberá ter en conta o previsto no artigo 19 da LPGE 2018, en relación coa Disposición adicional centésima sesaxésima quinta da mesma norma“. Taxa adicional de reposición da policía local, a Ope 2022 pódese ver ampliada pola solicitude de adianto da idade de xubilación da policía local.

Neste sentido establece a disposición transitoria segunda do RD Real Decreto 1449/2018, de 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación a favor dos policías locais ao servizo das entidades que integran la Administración local”: Taxa adicional de reposición da policía local. De acordo co establecido na disposición adicional centésima sesaxésima quinta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, e en aplicación da mesma, a taxa de reposición adicional será efectiva desde a presentación da solicitude de xubilación anticipada. A persoa interesada



deberá comunicar á Administración municipal correspondente a súa vontade de acollerse a esta modalidade de xubilación antes do día 31 de xaneiro de cada ano.”

Calculo da taxa de reposición: Tendo en conta todo o exposto, o cálculo da taxa de reposición para 2022 é o seguinte:

I.-Baixas de efectivos.-Durante o exercicio 2021, se produciron as seguintes baixas de persoal funcionario de carreira :

Data de baixa	Funcionario	Escala/grupo	Destino	Causa
01-12-2021	ANDRES J. PENA GRAÑA	A.E./A1	ARQUIVO	Xubilación
31-05-2021	ALEJANDRO FDEZ. CORTES	A.X./C2	SERV.XERAIS	Excedencia s/reserva de posto (praza auxiliar)

Durante o exercicio 2022, se produce o seguinte cese sin reserva de posto:

16-02.-2022	OSCAR POUTON REBOREDO	A.E./C2	Bombeiro	Excedencia s/reserva posto
-------------	-----------------------	---------	----------	----------------------------

Procedemento.-A competencia para a aprobación da oferta de emprego público correspóndelle á persoa titular da Alcaldía do Concello, de conformidade co artigo 21.1. g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no entanto, a mesma pode ser delegada á Xunta de Goberno Local.

Pola súa banda, o artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vigentes en materia de Réxime Local, determina que a Oferta de Emprego para o ano correspondente aprobarase e se publicará, anualmente, dentro do prazo dun mes desde a aprobación do orzamento da Entidade correspondente, axustándose á lexislación básica do Estado sobre función pública e aos criterios que regulamentariamente se establezan en desenvolvemento da normativa básica estatal para a súa debida coordinación coas ofertas de emprego do resto das Administracións Públicas. No obstante, o devandito prazo de aprobación enténdese afectado pola entrada en vigor do mesmo a través da súa publicación no boletín oficial da provincia (BOP da Coruña de data 10.02.2022) , sendo necesario, de conformidade co artigo 19 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, que a oferta deba atermos ás disponibilidades presupostarias do capítulo I do orzamento de gastos.

A estos efectos, se deberá ter en conta, que a aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo, se produce en data 24.02.2022 e a publicación íntegra no Boletín oficial da Provincia da Coruña o día 3 de marzo de 2022

O artigo 70.3 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, establece que o decreto polo que se aprobe a oferta de emprego público poderá conter medidas derivadas da planificación dos recursos humanos

Con data 30/12/2021, entrou en vigor a Lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público que determina no seu artigo 2 que "... se autoriza unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluíra as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, persoais ou outra forma de organización de recursos humanos que estean contempladas nas distintas Administracións Públicas e estando dotadas presupostariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020" Esta situación obrigará a considerar a inclusión das prazas ocupadas con anterioridade ao 01.01.2018 nunha nova ope extraordinaria que deberá ser aprobada antes do 1 de xuño de 2022, previa definición das prazas que correspondan e tras a súa negociación cos representantes dos traballadores.

En virtude do exposto, previa aprobación pola Mesa Xeral de Negociación dos Empregados Públicos en data 13 de decembro de 2021, e en cumprimento do disposto no artigo 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e o artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; e en uso das competencias atribuídas no artigo 21.1. g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a funcionaria que suscribe eleva a esa Alcaldía a seguinte:

PROPOSTA

PRIMEIRO .-Aprobar a oferta de emprego público para o ano 2022, que detalla as seguintes prazas de funcionarios/as públicos :

Praza	Denominacion	Grupo	Escala	Nº prazas
2120006	TÉCNICO ARQUIVO	A2	A.especial	1
1200004	TÉCNICO XESTIÓN	A2	A.Xeral	1
2220021	BOMBEIRO-CONDUCTOR	C2	A.especial	1
Promoción interna				
1300022	ADMINISTRATIVO	C1	A.Xeral	3
1300048				
1300049				
2220026	OFICIAL BOMBEIROS	C1	A.Especial	1
Numero de prazas				7

Nas convocatorias das mesmas determinarase o sistema selectivo para a súa cobertura, que con carácter xeral, será a oposición e concurso-oposición para as de promoción interna . Nas convocatorias que se leven a cabo haberá de terse en conta a reserva dunha cota das vacantes globalmente consideradas para ser cubertas entre persoas con discapacidade sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas.

SEGUNDO- Publicar a Oferta de Emprego Público no Diario Oficial da provincia da Coruña, para xeral coñecemento.

TERCEIRO.- Remitir o presente decreto á Administración Xeral do Estado, a efectos do establecido no artigo 56.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril. “

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei ven en propoñer a esa Xunta de Goberno , a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO .-Aprobar a oferta de emprego público para o ano 2022, que detalla as seguintes prazas de funcionarios/as públicos :

Praza	Denominacion	Grupo	Escala	Nº prazas
2120006	TÉCNICO ARQUIVO	A2	A.especial	1
1200004	TÉCNICO XESTIÓN	A2	A.Xeral	1
2220021	BOMBEIRO-CONDUCTOR	C2	A.especial	1
Promoción interna				
1300022	ADMINISTRATIVO	C1	A.Xeral	3
1300048				
1300049				
2220026	OFICIAL BOMBEIROS	C1	A.Especial	1
Numero de prazas				7

Nas convocatorias das mesmas determinarase o sistema selectivo para a súa cobertura, que con carácter xeral, será a oposición e concurso-oposición para as de promoción interna Nas convocatorias que se leven



a cabo haberá de terse en conta a reserva dunha cota das vacantes globalmente consideradas para ser cubertas entre persoas con discapacidade sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas.

SEGUNDO- Publicar a Oferta de Emprego Público no Diario Oficial da provincia da Coruña, para xeral coñecemento.

TERCEIRO.- Remitir o presente decreto á Administración Xeral do Estado, a efectos do establecido no artigo 56.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4